

Acta da sesión extraordinaria da Corporación do Concello de Cerceda celebrada o día 11 de novembro de 2019.

Na Sala de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Cerceda (A Coruña), sendo as trece horas e trinta minutos do día 11 de novembro de 2019, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria previamente convocada ó día da data, para a que foron previamente citados.

Asistentes:

Grupo Municipal Socialista:

D. José García Liñares.
D. Juan José Rodríguez García.
Dna. Cristina Capelán Cancelo.
D. Francisco Javier Boquete Cambón.
Dna. María Carmen Martínez Barreiro.
D. Jesús Rama Bello
Dna. Catrina Queijo García

Grupo Municipal Popular:

D. José Francisco Santos Regueiro.
Dna. Celia López Pallas.
Dna. Luz M^a Bello Vazquez
D. Jesús Picon Pardo

Grupo Municipal Mixto:

D. Alberto Sánchez Regueiro.

Secretaria accidental: M^a Julia Loureiro Pereiro.

Interventora: Pilar Martínez Villar.

Non asiste a concelleira do Grupo Municipal do PP, Dna. Lorena Bello Juncal

A Presidencia, tras comprobar nos términos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 46.2 c. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, para a válida celebración das sesións do Concello Pleno, declara aberta esta, pasándose ó estudio dos asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

Primeiro: Aprobación, se procede, da Proposta ditaminada de rexeitamento da folla de aprezo formulada polo propietario don Manuel Leiro Castro e a aprobación da folla de aprezo da administración, dentro do procedemento de expropiación pola obra “Carretera de Polígono Industrial a “Ctra. Cerceda-Mesón do Vento por Cobelans”.

Segundo: Aprobación, se procede, da proposta ditaminada de modificación das bases de execución do orzamento para a concesión de subvencións nominativas.

Primeiro: Aprobación, se procede, da Proposta ditaminada de rexeitamento da folla de aprezo formulada polo propietario don Manuel Leiro Castro e a aprobación da folla de aprezo da administración, dentro do procedemento de expropiación pola obra “Carretera de Polígono Industrial a “Ctra. Cerceda-Mesón do Vento por Cobelans”.

O Sr. Alcalde-Presidente explica brevemente o acordo que se transcribe a continuación:

“Antecedentes

Por Acordo Plenario de 9 de novembro de 2006 aprobouse definitivamente a necesidade de ocupación da relación dos bens e dereitos afectados na expropiación e a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola obra "Carretera de Polígono Industrial a "Ctra. Cerceda-Mesón do Vento por Cobelans".

Dentro da relación concreta e individualizada dos bens, así como á dos propietarios, incluíase:

Municipio	Ref. Catastral	Propietario	NIF	Dirección
Cerceda	15024*02300374	Leiro Castro, Manuel	32.444.884 A	Gandarouta, 54. Cerceda
Cerceda	15024*0230037	Leiro Castro, Manuel	32.444.884 A	Gandarouta, 54. Cerceda

Aboaronse as indemnizacións por perxuizos derivados da urxente ocupación o 14 de xaneiro de 2009, según consta na acta de depósito previo.

A Alcaldía-Presidencia mediante o Decreto 136/2019, de 26 de febreiro, dictou un requerimento ao propietario para que no prazo de vinte días formulara unha nova folia de aprezo, que concrete o valor en que estime os bens expropiados e poda aducir cantas alegacións estime pertinentes.

O perito don Cristóbal José Vázquez Lamas, en representación do propietario don Manuel Leiro Castro, formulou folia de aprezo por importe de 24.471,22 euros, que foi presentada na Delegación de Goberno de Galicia, mediante o Sistema de Interconexión de Rexistros, o 18 de marzo de 2019.

A administración municipal formulou folia de aprezo, o 16 de outubro de 2019, pola perito, dona Beatriz Blanco Lois, que valora o ben expropiado en 1.620,85 euros.

Consideracións legais

Dacordo co artigo 30 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa, a administración expropiante deberá de aceptar ou rexeitar a valoración dos propietarios en igual prazo de vinte días. No segundo dos casos, a administración extenderá folia de aprezo fundada do valor do obxecto da expropiación, que se notificará ao propietario, o cal, dentro dos dez días seguintes, poderá aceptala ou ben rexeitala; e neste segundo caso, terá dereito a facer as alegacións que estime pertinentes.

Segundo o prescrito no artigo 31 da mesma Lei de Expropiación Forzosa, se o propietario rexeitara o prezo ofrecido pola administración, trasladarase o expediente de xustiprezo ao xurado de expropiación.

Polo tanto, no exercizo da atribución que confire o artigo 3.4 do Decreto de 26 de abril de 1957 -de aprobación do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa- e o artigo 22.2 s) da Lei 7/1985, do 2 de abril -Reguladora das Bases de Réxime Local- proponse ao Pleno, a adopción do seguinte

Acordo

Primeiro. Rexeitar a folia de aprezo formulada polo perito don Cristóbal José Vázquez Lamas, en representación do propietario don Manuel Leiro Castro, por importe de 24.471,22 euros.

Segundo. Aprobar, pola súa contra, a folia de aprezo da administración, formulada o 16 de outubro de 2019, pola perito municipal, dona Beatriz Blanco Lois, que valora o ben expropiado en 1.620,85 euros.

Terceiro. Darlle traslado de ésta última ao interesado para que no prazo de dez días poida aceptala, entendéndose entón concluído o expediente de xustiprezo e aboándose a contía fixada

na folia de aprezo formulada pola administración; ou ben rexeitala, facendo as alegacións e presentando as xustificacións que estime pertinentes, de todo o cal, xunto co resto do expediente darase traslado ao xurado de expropiación para que proceda á definitiva determinación do xustiprezo.”

INTERVENCIÓNS QUE SE CITAN:

O Sr. Santos manfiesta non entender a razón dun pleno extraordinario con estes dous puntos. Con respecto a expropiación de que empeza no ano 2006, segue no 2009 e reactivase no 2019, e preguntase que pasou no medio, xa que non cadran os tempos, e por qué de non estar resolto en tanto tempo. Xa que, segue a dicir, o normal é non estar de acordo pero que habrá que apurar os tempos.

O Sr. Sánchez preguntase o mesmo que o PP, xa que non se entende como pode haber esta diferenza na valoración. Entende que os concellos son as administracións máis cercanas os cidadáns e que está para chegar a entendemento.

O Sr. Alcalde responde que o Concello estivo quieto ata a reclamación do propietario, pero agora xa se vai proceder . Asegura que as expropiacións son expedientes moi lentos , non é un tema transcendente agora darannos a a valoración e logo irase a prezo xusto.

Replica o Sr. Santos que a folia do propietario é de 25/2/2009, que xa se tivo tempo de ir o prezo xusto, que este expediente estivo parado uns dez anos, díxose que non ia cobrar nada e o dono tivo que acudir ata tres veces o Valedor do Pobo e varios escritos dos seus avogados, tivo que acudir o Valedor do Pobo por non ir o Penal. Así mesmo tamen ten un gardarail e non pode entrar na súa finca. Aquí resulta un tema moi recorrente poñer os terreos a disposición doutras administracións e non telos.

Responde o Sr. Alcalde que co resto dos donos das fincas chegouse a un acordo menos con el, non é postura máis acertada. Asegura que xamais se lle dixo que non ía cobrar, e afirma que el non fai os trámites e que nunca mandou parar os trámites, que el solo firma. Espera que agora se rematen estes trámites.

Sometido a votación o asunto resulta aprobado por sete votos a favor do Grupo Municipal Socialista, catro en contra do Grupo Municipal Popular e unha abstención do Grupo Municipal Mixto.

Segundo: Aprobación, se procede, da proposta ditaminada de modificación das bases de execución do orzamento para a concesión de subvencións nominativas.

Explica o Sr. Alcalde o acordo que se pretende adoptar, que se transcribe de seguido:

“A data actual, estase a traballar con orzamento prorrogado 2018, no mesmo, non estaban incluídas as partidas necesarias nin a especificación das subvencións nominativas, que sempre se incluían nos orzamentos definitivos, para as comisións de festas.

A base de execución nº60, incluía este tipo de subvencións co seguinte detalle:

“BASE 60ª. SUBVENCIONES NOMINATIVAS.

Para o exercicio 2018, de acordo ao establecido no artigo 22.2.a) da Lei xeral de subvencións, outorgaranse as subvencións nominativas que seguidamente se detallan aos perceptores e polos importes máximos que se indican:

APORZAM.	BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
326.48001	C.P.I. O Cruce	Viaxe de estudos	2.000,00
338.48002	Com. Festas A Silva	Actividades culturais	3.200,00
338.48003	Com. Festas Cerceda	Actividades culturais	10.000,00
338.48004	Com. Festas As Encrobas	Actividades culturais	1.600,00
338.48005	Com. Festas Queixas	Actividades culturais	2.440,00

338.48006	Com. Festas Rodís	Actividades culturais	1.600,00
338.48007	Com. Festas Xesteda	Actividades culturais	1.600,00
338.48008	Com. Festas Meirama	Actividades culturais	1.600,00

A tramitación dos expedientes de gasto relativos ás subvencións nominativas detalladas nesta base e as que poidan reflectirse en expedientes de modificación de créditos tramitados durante a vixencia do orzamento de 2018, resolveranse polo Alcalde-Presidente da corporación.

Os importes indicados na relación anterior non deben superar o 100 % do custo da actividade ou do proxecto subvencionado

As achegas locais faranse efectivas despois da xustificación documental da realización das actividades ou investimentos subvencionados. Tal e como establece o artigo 31 da Lei xeral de subvencións, salvo disposición expresa en contrario nas bases reguladoras das subvencións, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade a finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención. A estes efectos, xunto co documento acreditativo do gasto realizado, deberá xuntarse a acreditación do pago do mesmo, a través de transferencia bancaria.

A efectos da xustificación, cada entidade beneficiaria deberá presentar unha declaración das outras axudas ou ingresos obtidos para a realización da actividade subvencionada, e o certificado bancario de conta corrente da súa titularidade."

A maior parte destas comisións, xa realizaron parte (senón a totalidade) dos gastos necesarios para a organización das festas.

Considérase necesario, con carácter urxente e inaprazable, dotar do crédito necesario destinado a estas subvencións nominativas a outorgar polo Concello, debido ao interese xeral e á importancia das festas patronais no municipio.

Tendo en conta todo o anterior, esta Alcaldía, estima procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de crédito vía transferencia de créditos, para dotar do crédito necesario a totalidade das subvencións nominativas indicadas.

E ademáis, someter a consideración do Pleno a modificación que de seguido se reflicte:

1.- Aprobación inicial da modificación nas bases de execución do orzamento do Concello da Cerceda para 2019, en concreto a base 60ª, no tocante aos seguintes beneficiarios, cuxas subvencións nominativas quedarán redactadas co tenor que se cita a continuación, sen afectar ao resto de subvencións nominativas:

Aplicación Orzamentaria		Beneficiario	Obxecto/Finalidade	Subvención 2019
326	48001	CPI O Cruce	Gastos derivados da viaxe de estudos	2.000,00
338	48002	Comisión de festas de A Silva	Gastos derivados da organización e realización de festexos populares	3.200,00
338	48003	Comisión de festas de Cerceda	Gastos derivados da organización e realización de festexos populares	10.000,00
338	48004	Comisión de festas de As Encrobas	Gastos derivados da organización e realización de festexos populares	1.600,00
338	48005	Comisión de festas	Gastos derivados da organización e	2.440,00

		de Queixas	realización de festexos populares	
338	48006	Comisión de festas de Rodís	Gastos derivados da organización e realización de festexos populares	1.600,00
338	48007	Comisión de festas de Xesteda	Gastos derivados da organización e realización de festexos populares	1.600,00
338	48008	Comisión de festas de Meirama	Gastos derivados da organización e realización de festexos populares	1.600,00

2.- Expoñer este expediente ó público, mediante anuncio inserto no BOP, por quince días hábiles, durante os que os interesados ponderarán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se hubiesen presentado reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

INTERVENCIÓNS QUE SE CITAN

O Sr. Santos anuncia o seu voto favorable, aínda que non comparte o criterio de reparto pola desigualdade nas parroquias, asegura que se está con subvencións que se poderían ter arreglado fai moito tempo. Asegura que son unha necesidade xa que as Comisións de Festas tiveron que pagar estes gastos, e insiste en que debería terse arreglado este tema.

O Sr. Sánchez califica de subrealista que os orzamentos non estean aprobados tendo o goberno a maioría absoluta, e engade que se debe separar ocio de cultura e explica que o BNG está dacordo cas festas. Segue a dicir que entende que a parroquia de Cerceda teña algún carto máis que o resto das parroquias paro o que non se entende que as outras teñan 1600 euros e Cerceda 10.000, o que supón unha clara discriminación co resto das parroquias.

Contesta o Sr. Alcalde que a idea era aprobar os presupostos en febreiro, pero que xa saben o que pasou. E logo quedou unha persoa en funcións, que solo podía facer actos de trámite. Logo das eleccións non se puido aprobar porque non cadraba, todo elo debido a obras de Europa. Asegura que alguha comisión de festas aínda non pagou e recoñece que é certo que se debería ter pagado. No que respecta as cantidades para cambialas hai que igualar cara arriba, aínda que con consenso non debería haber problema. E recorda que a Feira das Nenas non está incluída pero que leva cartos tamén.

O Sr. Santos contesta que o retraso que leva dende febreiro non é culpa deles, que a metade dos seus esforzos estan nos xulgados, que eles non gobernan e que hai quen cobra por gobernar, e o que non pode é achacar a oposición este problema. Recorda que este goberno ganou as eleccións e que esto esixe algo da súa parte que é gobernar, e recordalle que non atende a Cerceda.

Responde o Sr. Alcalde que non todos cobran e que se goberna por responsabilidade, e recordalle que no pleno de 27 de febreiro que o apartaron e non se puido aprobar o presuposto porque non se podían facer máis que asuntos de trámite, logo viñaron as eleccións, o pleno organizativo en xullo, o crédito, e nesas datas xa non tiña sentido aprobalo presuposto. Foron vostedes quen convertiron esto en ingobernable, e seguen a pretender convertilo, as cousas son como vaían. Interrumpe o Sr. Santos dicindo que eles non o convertiron en ingobernable que foron eles. O Sr. Alcalde dille que eles non foron. Volve a interrompir o Sr. Santos dicindo que eles non cometeron ningún delito. O Sr. Alcalde dille que non ten a palabra que non siga interrompindo e o Sr. Santos segue dicindo que eles non teñen a culpa dos delitos, o Sr. Alcalde di que non siga e nese momento levanta a sesión.

O Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo catorce horas e dous minutos do día da convocatoria, de todo canto eu, como secretario dou fe.

O Alcalde-Presidente
José García Liñares

A secretaria accidental
M^a Julia Loureiro Pereiro